



INFORME DE TESOURERÍA

ASUNTO.- Informe emitido en cumprimento da Lei 15/2010 relativo ás obrigas recoñecidas respecto das cales transcorreu o prazo previsto en dita lei para o seu pagamento.

4º Trimestre 2015: OUTUBRO-DECEMBRO

ÓRGANO Ó QUE SE DIRIXE.- Alcaldía

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 30/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril de 1985.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.-

- Artigo 216 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público no que se dispón que:

(...) 4. “A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4. e si se demorase, deberá aboar ó contratista, a partires do cumprimento de dito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, polo que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que teña lugar o inicio do cómputo de prazo para o devengo de intereses, o contratista deberá de ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

- Na Lei 15/2010, de modificación da Lei 30/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establécese que:

Artigo 4.3: “Os Tesoueiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións Locais



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se este incumprindo o prazo.

Artigo 4.4: *Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda, e no seu respectivo ámbito territorial, ós das Comunidades Autónomas que, con arranxo a seus respectivos Estatutos de Autonomía teñan atribuída a tutela financeira das Entidades Locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.*

Artigo 4.5: *A información así obtida poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento dos prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.*

En cumprimento da normativa descrita preséntase, no Anexo que se compaña a este Informe, a relación das obrigas respecto das cales transcorreu mais de 30 días dende a aprobación da factura sen que se procedese o seu pagamento, relación por importe de **442.235,81** euros.

O presente informe elévase a Alcaldía-Presidencia, quen deberá dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.
Asemade, deberá remitirse ó órgano competente do Ministerio de Economía e Facenda e ó órgano da Comunidade Autónoma que teña atribuída a tutela financeira.

En Cambados, a 29 XANEIRO de 2015.

A Tesoureira:

Ana M^a Fole Pintos

CONCELLO DE CAMBADOS

Exercicio contable: 2015

Páxina:

Data: 29/01/2016

FACTURAS PENDENTES DE PAGAR AO FINAL DO TRIMESTRE - Cuarto trimestre

| | Dentro do período legal a final do trimestre | | Fora do período legal a final do trimestre | |
|---|--|----------------------|--|-------------------|
| | Período medio de pendentes de pagamento CIVIL/FP/IRAFII | Número de operacións | Importe total | Importe total |
| Gastos en Bens Correntes e Servizos | 34 | 521 | 448.423,74 | 75.326,68 |
| 20- Arrendamentos e Canons | 53 | 7 | 3.710,01 | 2.365,67 |
| 21- Reparación, Mantemento e conservación | 22 | 68 | 42.551,18 | 932,14 |
| 22- Material, Subministracións e Outros | 35 | 446 | 402.162,55 | 72.028,87 |
| 23- Indemnización por razón do servizo | 0 | 0 | 0,00 | 0,00 |
| 24- Gasto de publicacións | 0 | 0 | 0,00 | 0,00 |
| 26- Traballos realizados por institucións s.a. de lucro | 0 | 0 | 0,00 | 0,00 |
| Inversións reais | 50 | 8 | 162.183,16 | 113.566,71 |
| Outros Pagamentos realizados por operacións comerciais | 0 | 0 | 0,00 | 0,00 |
| Obrigas pendentes de aplicar a orzamento | 117 | 93 | 127.737,46 | 253.342,42 |
| TOTAL | 65 | 622 | 738.344,36 | 442.235,81 |

